

Certificado dixital do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Que é?

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está recoñecido como Autoridade de Rexistro para a emisión de certificados dixitais, que permite que as persoas colexiadas poidan identificarse e asinar mediante a sinatura electrónica cualificada.

Para que podo utilizalo?

O certificado do COPG identifícate como psicólogo/a colexiado/a. Podes empregalo no teu ámbito laboral (asinando informes, facturas, trámites coa administración pública, etc.) ou no colexial (xestións a través da sede electrónica).

É obrigatorio?

Non, existen outras certificacións dispoñibles (como a da Fábrica de Moneda e Timbre), pero esta é a única oficial que te identifica como psicólogo/a.

Canto custa?

Ten un prezo de 20 € + IVE por ano.

Certificado dixital do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Usos no eido profesional



- Para trámites coa Administración (impostos, Seguridade Social, vida laboral...)
- Asinar informes, certificados, etc.
- Asinar facturas ou contratos.

Usos no eido persoal



- Para trámites coa Administración (Concello, Axencia Tributaria, Xunta de Galicia...)
- Obtención do certificado de delitos de natureza sexual.
- Asinar outros documentos e solicitudes.



Usos no eido colexial

- Trámites co COPG a través da sede electrónica incluídos no catálogo de procedementos.
- Sinatura de documentación e solicitudes.

Certificado dixital do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Como se solicita?

- Cubre o formulario para solicitalo dispoñible na web.
- A continuación, solicita cita previa presencial no COPG, xa que a primeira tramitación é imprescindible a personación para a sinatura e identificación.
- Será preciso presentar DNI, NIE ou pasaporte en vigor.



Máis información no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

T. 981 534 049

copgalicia@copgalicia.gal